



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

Allegue Agüete, Pilar
Álvarez Rodríguez, Pablo
Bravo Bernárdez, Jorge
Fernández Fernández, Federico A.
Gil Villanueva, José M^º.
González Pillado, Esther M^ª.
Montero Muñoz, María

DESCULPA ASISTENCIA

Barreiro Blas, Antonio
González Crespán, Araceli

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral, que tivo lugar o día 22 de maio de dous mil oito ás 09:00 horas en primeira convocatoria e ás 09:30 horas en segunda.

O xoves, día **22 de maio de 2008**, ás 9:30 horas, na Sala de Xuntas da Xerencia, deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 13 de maio de 2008.
2. Proclamación provisional de resultados nas eleccións a membros do Claustro polo sector de estudantes.
3. Proclamación provisional de resultados nas eleccións a membros dos Consellos de Departamento polo sector de estudantes.
4. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 13 de maio de 2008.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Proclamación provisional de resultados nas eleccións a membros do Claustro polo sector de estudantes.

Cédese a palabra á secretaria xeral, quen sinala que non houbo incidencias no proceso de votación.

Sinala a maiores que de acordo co artigo 32 do Regulamento de eleccións de membros de Claustro establece que o prazo de reclamacións é de dous días hábiles dende a publicación. Polo tanto os días 26 e 27. Deste xeito é necesario convocar o día 28 a primeira hora para resolver as reclamacións e aprobar a proclamación definitiva de membros electos.

Debátese entre os membros da comisión sobre a hora mais axeitada para a convocatoria do día 28 e se conclúe, ante as dificultades que poñen de manifesto algúns membros da comisión sobre a súa posibilidade asistencia, que en principio se celebrará ás 9 en primeira convocatoria e ás 9:30 en segunda, pero que se comunicará aos membros da comisión con antelación á existencia de reclamacións.

Apróbase a proclamación por asentimento (**anexo I**).

Punto 3. Proclamación provisional de resultados nas eleccións a membros dos Consellos de Departamento polo sector de estudantes.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que non houbo incidencias no proceso de votación.

Sinala a maiores que de acordo co artigo 24 do Regulamento de eleccións de membros de Consello de Departamento establece, como no caso anterior que o prazo de reclamacións e de dous días hábiles dende a publicación.

Apróbase por asentimento de proclamación (**anexo II**).


Punto 4. Rogos e preguntas.

O Sr. Fernández pregunta se existiron moitas dificultades para a constitución das mesas, ao que contesta a secretaria xeral que non.

Intervén novamente o Sr. Fernández para agradecer as xestións que deron lugar á concesión dun día de licenza as persoas que formaron parte das mesas.


E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 09:40 horas do día 22 de maio de 2008 da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace da presidenta da Comisión Electoral.

A presidenta da Comisión Electoral



María Montero Muñoz

A secretaria da Comisión Electoral



Esther Mª González Pillado